



CONCELLO DE BUEU

CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
1628/2019	Xunta de Goberno Local (XGL/2019/13)

**Nuria Lobato del Río, EN CALIDADE DE SECRETARIA DESTE ÓRGANO,
CERTIFICA:**

Que, na sesión desenvolvida o 22 de Xullo de 2019 se adoptou o seguinte acordo:

A.2.1.- Proposta de aprobación do expediente de contratación da obra de Mellora das beirarrúas do Polígono Industrial de Castiñeiras. Expediente 1628/2019.

Pola Presidencia dáse conta da proposta da alcaldía de referencia, que, de xeito literal, di:

“

Expediente	1628/2019
Código SIA	1429768
Procedemento	Contratacións
Asunto	OBRA. SIMPLIFICADO-ABREVIADO. Mellora das beirarrúas do Polígono Industrial de Castiñeiras
Unidade Xestora	Departamento de Secretaría
Documento	Proposta de Alcaldía
Trámite	Aprobación do expediente de contratación da obra Mellora das beirarrúas do Polígono Industrial de Castiñeiras

PROPOSTA DE ALCALDÍA

I. Antecedentes

1.- No proxecto técnico de data 14.06.2019 “PROXECTO DE MELLORA DAS BEIRARRÚAS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE CASTIÑEIRAS” asinado polo arquitecto técnico do concello, D. Alfredo de la Campa Fervenza se definen as características técnicas desta actuación. O citado proxecto foi aprobado mediante Resolución da Alcaldía núm. 2019-0841 de data 18.06.2019 (CSV: 5HGPMREMMCDMEGPECT7RN57Q) e incorporado ao libro electrónico de Proxectos de obra aprobados baixo o número 004/2019.

2.- Consta acta de replanteo previo asinada polo arquitecto técnico do concello en



CONCELLO DE BUEU

data 19.06.2019 na que fai constar que: ".../... Aprobado o documento técnico de referencia reúnense o día sinalado as e os asistentes anteriormente relacionados para proceder ao seu replanteo, facendo constar como consecuencia das operacións practicadas: 1. Por parte do persoal facultativo a realidade xeométrica das obras proxectadas así como a conformidade co trazado do concello. 2. Ponse de manifesto a existencia da dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras. .../..."

3.- No que respecta á titularidade e afeccións da actuación proxectada no Anexo I do Proxecto técnico o arquitecto técnico fai constar que deberá obterse autorización do Servizo de Infraestruturas da Deputación Provincial.

Consta incorporado ao expediente oficio de alcaldía de data 06.06.2019 no que se solicita autorización sectorial ao Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra e presentado no rexistro electrónico da Deputación provincial en data 07.06.2019 (N^o Rexistro: WEB2019020664).

4.- En data 09.07.2019 emítase por parte do Concelleiro delegado de área de Urbanismo, Vivenda e Infraestruturas Públicas (CSV:37RT49WKNF3Q9PL6ZCTDPPNPD) informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.

A necesidade e idoneidade do contrato e a eficiencia da contratación esixibles ao abeiro do artigo 28 da LCSP resulta do carácter público da actuación proxectada en virtude de competencias recoñecidas ás Entidades locais en materia de "Infraestructura viaria y otros equipamientos de su titularidad" de conformidade co artigo 25.2 d) e 26.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración de Galicia.

No senso sinalado no paragrafo anterior, no citado informe xustificativo da necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación se dispón que:

".../...Coa celebración deste contrato preténdese acometer a reforma das beirarrúas que están moi deterioradas, polo que se considera oportuno proceder á súa realización. Abórdase neste proxecto a totalidade do Polígono Industrial de Castiñeiras que abranguen unha lonxitude total de 2023,5 m.

A viabilidade das obras procede do intenso uso que destas xa se fai hoxe e que se manterá no futuro e de que os medios necesarios para a súa construción son os normais para este tipo de traballos, non requirindo de métodos excepcionais por dificultade técnica nin custo económico, sendo o seu grao de dificultade "baixo". .../..."

O devandito informe emítase en cumprimento da esixencia contida no artigo 28 en relación co artigo 116 ambos da LCSP.

5.-O investimento conta co financiamento da Consellería de Economía, Emprego e Industria (Xunta de Galicia) ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2019 (IN519B) [DOG núm. 7, do 10.01.2019] por mor da Resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 10.05.2019 (RE núm. 2557 de 23.05.2019) pola que se lle concede unha subvención para o Proxecto de Mellora de beirarrúas do Polígono Industrial de Castiñeiras por importe de 74.296,86 € que representa o 80%



CONCELLO DE BUEU

sobre o orzamento do proxecto.

Consta no expediente electrónico documento de retención de crédito núm. 2019005148 asinado polo Interventor en data 12.06.2019 polo importe de 74.296,86 € (80 % do orzamento do proxecto).

Mediante resolución de alcaldía núm.2019-0841 de data 18.06.2019 solicitouse unha subvención á Deputación de Pontevedra ao abeiro do Plan Concellos 2017 para a actuación de referencia por un importe de 18.574,21 € (20 % do orzamento do proxecto). Dita solicitude de subvención foi presentada no Rexistro electrónico da Deputación con data 19.06.2019 (Nº Rexistro WEB2019021676)

Tendo en conta o disposto na Disposición Adicional 3ª da LCSP a adxudicación deste contrato queda sometida á condición suspensiva de que se conceda previamente ao Concello a subvención solicitada á Deputación de Pontevedra con cargo aos remanentes existentes do Plan Concellos 2017 polo importe de 18.574,21 € (20% do importe do orzamento).

6.-Consta incorporado no expediente electrónico o seguinte documento contable de retención de crédito:

- Documento RC núm. 2019005148 asinado polo interventor do concello en data 12.06.2019 por importe de 74.296,86 con cargo á aplicación orzamentaria núm. 2019 / 0 / 1532 / 61910 / 01

7.-Tendo en conta o anterior, en data 11.07.2019 dítase a Resolución de alcaldía núm. 2019-1035 (CSV: A5T93RFXR9GFY5ATAH96REJNQ) relativa á incoación do expediente de contratación da obra Mellora das beirarrúas do Polígono Industrial de Castiñeiras.

Na citada resolución se ordea a incorporación dos documentos acreditativos das actuacións previas á contratación, ordeando a emisión dos preceptivos informes por parte da Secretaria e do Interventor e adxuntando os pregos de cláusulas administrativas asinados en data 11.07.2019 (CSV: A5T93RFXR9GFY5ATAH96REJNQ).

8.- En data 15.07.2019 emítese informe núm.2019-0059 por parte da Secretaria do concello.

9.- Consta informe de fiscalización previa á aprobación do expediente de contratación emitido por parte do Interventor do concello en data 17.07.2019 baixo o número 2019-0126 no que entre outros sinala que:

“.../..dacordo ca posibilidade habilitada pola DA 3ª da LCSP de proceder á tramitación anticipada dos contratos cuia financiación dependa dunha subvención solicitada a outra entidade pública, a adxudicación do presente contrato queda sometida á condición suspensiva da efectiva concesión da subvención (autorización do uso de remanente) por parte da Deputación Provincial, non puidendo polo tanto en ningún caso adxudicarse o contrato ata que se certifique por esta Intervención a existencia de crédito suficiente e adecuado para elo, previa resolución de concesión da subvención por parte da Deputación Provincial.../..”

Tendo en conta os antecedentes de feito detallados ao longo da presente proposta, en aplicación do disposto nos arts. 116,117 e 159 e seguintes da LCSP respecto á



CONCELLO DE BUEU

elección e tramitación do procedemento aberto simplificado , con un único criterio de adxudicación.

Considerando esta alcaldía que concorre o suposto que resulta do apartado 2º da Disposición Adicional 3ª da LCSP relativa á tramitación anticipada dos contratos cuxo financiamento dependa dunha subvención solicitada a outra entidade pública por mor da autorización instada dende o concello á Deputación provincial de Pontevedra para o uso dos remanentes existentes do Plan Concellos 2017 polo importe de 18.574,21 € que supón o 20% do importe do orzamento.

Tendo en conta que nos pregos reguladores da contratación, concretamente nos apartados II.4, VI.1 e XI do CCP que figura como ANEXO I, se recolle a condición suspensiva prevista na citada disposición adicional da LCSP.

Vistos o informe xurídico e de fiscalización previa á aprobación do expediente de contratación de obra, tendo en conta, a delegación das atribucións da alcaldía en materia de contratación que resulta da resolución de alcaldía núm. 2019-0925 de 28.06.2019 (BOP núm. 130 de 09.07.2019) e considerando a competencia do órgano de contratación tendo en conta o disposto na DA 2ª da LCSP, en base aos antecedentes detallados e con aplicación da regulación contida na normativa de aplicación relacionada no presente acto administrativo **PROPOÑO A XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Declarar xustificada a necesidade da celebración do contrato de obra de "MELLORA DAS BEIRARRÚAS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE CASTIÑEIRAS" e o cumprimento e realización dos fins institucionais do Concello de Bueu en base á natureza e extensión de ditas necesidades, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, nos termos sinalados no informe asinado polo Concelleiro Delegado de Urbanismo Vivenda e Infraestruturas Públicas en data 09.07.2019 (CSV:37RT49WKNF3Q9PL6ZCTDPPNPD). Martín Villanueva Pastoriza.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación da obra "MELLORA DAS BEIRARRÚAS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE CASTIÑEIRAS", por procedemento aberto simplificado abreviado de contratación (159.6 LCSP), cun único criterio de adxudicación (prezo máis baixo), co seguinte valor estimado:

Valor estimado	IVE (21%)	Presuposto base licitación	Financiación
76.752,95 €	16.118,12 €	92.871,07 €	Externa (100% PBL) 80% CCAA e 20% DP
			ESTADO DAS SUBVENCIONS Concedida Consellería de Economía, Emprego e Industria Orde do 17 de decembro de 2018



CONCELLO DE BUEU

			<p>pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva) , das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2019 (IN519B) [DOG núm. 7, do 10.01.2019]</p> <p>Resolución de la Consellería de Economía Emprego e Industria (RE núm 2557 de 23.05.2019)</p> <p>80 % DO PBL: 74.296,86 €</p> <p><u>Solicitada pendente de resolver concesión.</u> Deputación de Pontevedra Bases reguladoras do Plan Provincial de Obras e Servizos 2017 (PLAN CONCELLOS 2017), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm.249 de 30.12.2016 e acordo de prórroga de dito Plan (BOP num..236 de 10.12.2018)</p> <p>20% DO PBL: 18.574,21 €</p>
--	--	--	--

TERCEIRO.- Aprobar o gasto correspondente polo importe de 92.871,07 € IVE engadido con cargo á aplicación orzamentaria 2019 / 0 / 1532 / 61910 / 01.

CUARTO.-Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) subscritos pola alcaldía o 11.07.2019 (CSV: 94MKDWS9796HXXTFJLQPGKAD9), e dispor a apertura do procedemento aberto simplificado de contratación cun único criterio de adxudicación (prezo máis baixo e tramitación ordinaria, sometendo dito expediente, xuntamente co PCAP e o " PROXECTO DE MELLORA DAS BEIRARRÚAS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE CASTIÑEIRAS" de data 14.06.2019 asinado polo arquitecto técnico do concello, D. Alfredo de la Campa Ferverza aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 2019-0841 de data 18.06.2019 e incorporado ao libro electrónico de Proxectos de obra aprobados baixo o número 004/2019 a exposición pública ordeando a publicación dos correspondentes anuncios da licitación do contrato no perfil do contratante do concello de Bueu na Plataforma de contratación do Estado (acceso a través do enlace habilitado ao efecto no portal da web municipal), no taboleiro electrónico de anuncios (acceso directo dende a sede electrónica do concello (<http://bueu.sedelectronica.gal>)).



CONCELLO DE BUEU

QUINTO.- Nomear responsable do contrato, director de obra e coordinador de seguridade e saúde ao Arquitecto técnico municipal, D. Alfredo de la Campa Fervenza, a quen corresponderá, entre outras, supervisar a correcta execución do contrato e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación de cara a asegurar a mesma de acordo coas facultades previstas na cláusula 3ª dos PCAP.”

VOTACIÓN E ACORDO:

Logo do anterior, e considerando as atribucións en materia de contratación delegadas na Xunta de Goberno Local mediante resolución de alcaldía núm. 2019-0925 de 28.06.2019 (BOP núm. 130 de 09.07.2019), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros asistentes con dereito a voto, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar xustificada a necesidade da celebración do contrato de obra de “MELLORA DAS BEIRARRÚAS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE CASTIÑEIRAS” e o cumprimento e realización dos fins institucionais do Concello de Bueu en base á natureza e extensión de ditas necesidades, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, nos termos sinalados no informe asinado polo Concelleiro Delegado de Urbanismo Vivenda e Infraestruturas Públicas en data 09.07.2019 (CSV:37RT49WKNF3Q9PL6ZCTDPPNP)D. Martín Villanueva Pastoriza.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación da obra “MELLORA DAS BEIRARRÚAS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE CASTIÑEIRAS”, por procedemento aberto simplificado abreviado de contratación (159.6 LCSP), cun único criterio de adxudicación (prezo máis baixo), co seguinte valor estimado:

Valor estimado	IVE (21%)	Presuposto base licitación	Financiación
76.752,95 €	16.118,12 €	92.871,07 €	Externa (100% PBL) 80% CCAA e 20% DP
			ESTADO DAS SUBVENCIONS Concedida Consellería de Economía, Emprego e Industria Orde do 17 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva) , das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se



CONCELLO DE BUEU

			<p>convocan para o ano 2019 (IN519B) [DOG núm. 7, do 10.01.2019] Resolución de la Consellería de Economía Emprego e Industria (RE núm 2557 de 23.05.2019)</p> <p>80 % DO PBL: 74.296,86 €</p> <p><u>Solicitada pendente de resolver concesión.</u> Deputación de Pontevedra Bases reguladoras do Plan Provincial de Obras e Servizos 2017 (PLAN CONCELLOS 2017), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm.249 de 30.12.2016 e acordo de prórroga de dito Plan (BOP num..236 de 10.12.2018)</p> <p>20% DO PBL: 18.574,21 €</p>
--	--	--	--

TERCEIRO.- Aprobar o gasto correspondente polo importe de 92.871,07 € IVE engadido con cargo á aplicación orzamentaria 2019 / 0 / 1532 / 61910 / 01.

CUARTO.-Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) subscritos pola alcaldía o 11.07.2019 (CSV: 94MKDWS9796HXXTFJLQPGKAD9), e dispor a apertura do procedemento aberto simplificado de contratación cun único criterio de adxudicación (prezo máis baixo e tramitación ordinaria, sometendo dito expediente, xuntamente co PCAP e o " PROXECTO DE MELLORA DAS BEIRARRÚAS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE CASTIÑEIRAS" de data 14.06.2019 asinado polo arquitecto técnico do concello, D. Alfredo de la Campa Ferverza aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 2019-0841 de data 18.06.2019 e incorporado ao libro electrónico de Proxectos de obra aprobados baixo o número 004/2019 a exposición pública ordeando a publicación dos correspondentes anuncios da licitación do contrato no perfil do contratante do concello de Bueu na Plataforma de contratación do Estado (acceso a través do enlace habilitado ao efecto no portal da web municipal), no taboleiro electrónico de anuncios (acceso directo dende a sede electrónica do concello (<http://bueu.sedelectronica.gal>).

QUINTO.- Nomear responsable do contrato, director de obra e coordinador de seguridade e saúde ao Arquitecto técnico municipal, D. Alfredo de la Campa Ferverza, a quen corresponderá, entre outras, supervisar a correcta execución do contrato e cursará ao contratista as ordes e instrucións do



CONCELLO DE BUEU

órgano de contratación de cara a asegurar a mesma de acordo coas facultades previstas na cláusula 3ª dos PCAP.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de Novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE